

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36004137	Ramón M ^a Aller Ulloa	Lalín	2020/2021

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IFC	Informática e comunicacións	CMIFC01	Sistemas microinformáticos e redes	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0223	Aplicacións ofimáticas	2020/2021	9	240	288
MP0223_12	Ofimática	2020/2021	9	140	168
MP0223_22	Multimedia	2020/2021	9	100	120

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	JORGE MONTES NOVOA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O perfil profesional deste título, dentro do sector de servizos, evoluciona cara a unha grande especialización na solución dos problemas comúns en sistemas microinformáticos e redes locais, en pequenos contornos.

A evolución tecnolóxica tende a sistemas cada vez máis económicos, o que, unido ó abaratamento do acceso á Internet, orixina que os sistemas informáticos sexan considerados como un recurso máis no fogar, e a asistencia técnica tende a se realizar no propio domicilio.

A teleoperación, a asistencia técnica remota, a asistencia en liña e os telecentros configúranse como un elemento imprescindible na resposta á demanda de asistencia técnica.

As tarefas de montaxe e mantemento terán que adaptarse á normativa sobre os tratamentos e a xestión de residuos e axentes contaminantes.

O gran número de pequenas empresas no sector incrementa a necesidade de que esta figura profesional interveña en tarefas de comercio, participando tamén en labores de tipo administrativo.

A presenza activa de empresas na internet está a facer que aumente progresivamente o número de transaccións realizadas por este medio, o que fai que este perfil sexa cada vez máis demandado para colaborar na instalación e no mantemento de servizos sobre a rede.

Debido ós rápidos avances e cambios tecnolóxicos do sector, demándanse profesionais nos cales se fan imprescindibles actitudes favorables cara á autoformación.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais:

Organizar os compoñentes físicos e lóxicos que forman un sistema microinformático, interpretando a súa documentación técnica, para aplicar os medios e os métodos adecuados á súa instalación, á súa montaxe e ó seu mantemento.

Identificar, ensamblar e conectar compoñentes e periféricos utilizando as ferramentas axeitadas, aplicando procedementos, normas e protocolos de calidade e seguridade, para montar e configurar computadores e periféricos.

Representar a posición dos equipamentos, das liñas de transmisión e dos demais elementos dunha rede local, e analizar a morfoloxía, as condicións e as características do despregamento, para proxectar o cableado e a electrónica da rede.

Localizar e fixar equipamentos, liñas, canalizacións e demais elementos dunha rede local con cables, sen eles ou mixta, aplicando procedementos de montaxe e protocolos de calidade e de seguridade, para instalar e configurar redes locais.

Interconectar equipamentos informáticos, dispositivos de rede local e de conexión con redes de área extensa, executando os procedementos para instalar e configurar redes locais.

Localizar e reparar avarías e disfuncións nos compoñentes físicos e lóxicos para manter sistemas microinformáticos e redes locais.

Substituír e axustar compoñentes físicos e lóxicos para manter sistemas microinformáticos e redes locais.

Interpretar e seleccionar información para elaborar documentación técnica e administrativa.

Valorar o custo dos compoñentes físicos e lóxicos, e a man de obra, para elaborar orzamentos.

Recoñecer características e posibilidades dos compoñentes físicos e lóxicos para asesorar e asistir a clientela.

Detectar e analizar cambios tecnolóxicos para elixir novas alternativas e manter a actualización dentro do sector.

Recoñecer e valorar incidencias, determinar as súas causas e describir as accións correctoras para as resolver.

A formación do módulo contribúe a alcanzar as competencias:

Determinar a loxística asociada ás operacións de instalación, configuración e mantemento de sistemas microinformáticos, interpretando a

documentación técnica asociada, e organizando os recursos necesarios.

Instalar e configurar software básico e de aplicación, e asegurar o seu funcionamento en condicións de calidade e seguridade.

Instalar, configurar e manter servizos multiusuario, aplicacións e dispositivos compartidos nun entorno de rede local, atendendo ás necesidades e os requisitos especificados.

Realizar as probas funcionais en sistemas microinformáticos e redes locais, localizando e diagnosticando disfuncións, para comprobar e axustar o seu funcionamento.

Manter sistemas microinformáticos e redes locais, substituindo, actualizando e axustando os seus compoñentes, para asegurar o rendemento do sistema en condicións de calidade e seguridade.

Elaborar documentación técnica e administrativa do sistema, cumprindo as normas e a regulamentación do sector, para o seu mantemento e a asistencia á clientela.

Elaborar presupostos de sistemas a medida cumprindo os requisitos da clientela.

Asesorar e asistir a clientela, canalizando a un nivel superior os supostos que o requiran, para achar solucións adecuadas para as súas necesidades.

Organizar e desenrolar o traballo asignado mantendo unhas relacións profesionais adecuadas ó entorno de traballo.

Manter un espírito constante de innovación e de actualización no ámbito do sector informático.

Utilizar os medios de consulta dispoñibles e seleccionar o mais adecuado en cada caso, para resolver nun tempo razoable supostos non coñecidos e dúbidas profesionais.

Cumprir os obxectivos da produción, colaborando co equipo de traballo e actuando con arranxo ós principios de responsabilidade e tolerancia.

Resolver problemas e tomar decisións individuais seguindo as normas e procedementos establecidos definidos dentro do ámbito da súa competencia.

Os resultados de aprendizaxe segundo están definidos no decreto 27/2010, do 25 de febreiro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ó título de técnico en sistemas microinformáticos e redes polo que respecta ó módulo de aplicacións ofimáticas é o seguinte:

UNIDAD FORMATIVA 1: OFIMÁTICA

RA1: Instala e actualiza aplicacións ofimáticas, atendendo as especificacións dadas nos distintos entornos de explotación.

RA2: Elabora documentos e plantillas aplicando as opcións avanzadas de procesadores de textos.

RA3: Elabora documentos e plantillas aplicando opcións avanzadas de follas de calculo.

RA4: Elabora documentos con bases de datos ofimáticas aplicando operacións de manipulación de datos

RA5: Realiza operacións de xestión do correo e axenda electrónica, atendendo as necesidades de uso para súa configuración.

UNIDAD FORMATIVA 2: MULTIMEDIA

RA1: Manipula imaxes dixitais aplicando técnicas básicas de captura e edición.

RA2: Manipula secuencias de vídeo aplicando técnicas de captura e edicións básicas.

RA3: Elabora presentacións multimedia aplicando normas básicas de composición e deseño.

RA4: Ofrece apoio no uso de aplicacións e resolve as incidencias que se presenten.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Instalación de aplicacións.	Estudio práctico do sistema informático e aplicación de mantemento e diagnóstico.	16	10
2	Elaboración de documentos e patróns mediante procesadores de texto.	Estudo práctico de procesadores de texto.	45	20
3	Elaboración de documentos e patróns mediante follas de cálculo.	Estudo práctico de follas de cálculo.	49	20
4	Utilización de bases de datos ofimáticas.	Estudo práctico de bases de datos	48	20
5	Xestión do correo e axenda electrónica.	Estudo práctico de aplicacións xestoras de correo electrónico e axenda electrónica.	10	10
6	Presentacións Gráficas	Estudo práctico de aplicacións de presentación.	40	10
7	Imaxes e vídeo	Estudo teórico e práctico do tratamento de imaxes mediante programas de edición de imaxe e vídeo.	80	10

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Instalación de aplicacións.	16

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Instala e actualiza aplicacións ofimáticas, atendendo ás especificacións dadas en distintos contornos de explotación.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícaronse e establecéronse as fases do proceso de instalación.
CA1.2 Identifícaronse os requisitos mínimos e óptimos para o funcionamento da aplicación.
CA1.3 Obtívose a información sobre os compoñentes de hardware e de software instalados no equipamento mediante as utilidades do sistema operativo.
CA1.4 Respectáronse as especificacións técnicas do proceso de instalación.
CA1.5 Configuráronse as aplicacións segundo os criterios establecidos.
CA1.6 Solucionáronse problemas na instalación ou na integración co sistema informático.
CA1.7 Elimináronse ou engadíronse compoñentes da instalación no equipamento.
CA1.8 Actualizáronse as aplicacións.
CA1.9 Respectáronse as licenzas de software.
CA1.10 Propuxéronse solucións de software para diversos contornos de aplicación.
CA1.11 Documentáronse as incidencias.

4.1.e) Contidos

Contidos
Tipos de aplicacións ofimáticas.
Tipos de licenzas software.
Necesidades dos contornos de explotación.
Requisitos das aplicacións.
Compoñentes e complementos das aplicacións.
Procedementos de instalación e configuración.
Diagnóstico e resolución de problemas.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Elaboración de documentos e patróns mediante procesadores de texto.	45

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Elabora documentos e patróns aplicando as opcións avanzadas de procesadores de textos.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Personalizáronse as opcións do procesador de textos e da barra de ferramentas.
CA2.2 Utilizáronse aplicacións e periféricos para introducir textos e imaxes.
CA2.3 Importáronse e exportáronse documentos creados con outras aplicacións e noutros formatos.
CA2.4 Deseñáronse patróns.
CA2.5 Creáronse e utilizáronse macros na realización de documentos.
CA2.6 Utilizouse a combinación de correspondencia para o envío masivo de correo.
CA2.7 Elaboráronse manuais específicos.

4.2.e) Contidos

Contidos
Estilos e formatos.
Combinación de documentos.
Creación e uso de patróns.
Importación e exportación de documentos.
Deseño e creación de macros.
Utilización de software e hardware para introducir textos e imaxes.
Combinación de correspondencia.
Elaboración de documentos de distintos tipos (manuais, partes de incidencias, etc.).

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Elaboración de documentos e patróns mediante follas de cálculo.	49

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Elabora documentos e patróns aplicando opcións avanzadas de follas de cálculo.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Personalizáronse as opcións da folla de cálculo e da barra de ferramentas.
CA3.2 Utilizáronse aplicacións e periféricos para introducir textos, números, códigos e imaxes.
CA3.3 Utilizáronse os tipos de datos e referencias para celas, rangos, follas e libros.
CA3.4 Aplicáronse fórmulas e funcións.
CA3.5 Xeráronse e modificáronse gráficos de diversos tipos.
CA3.6 Empregáronse macros para a realización de documentos e patróns.
CA3.7 Importáronse e exportáronse follas de cálculo creadas con outras aplicacións e noutros formatos.
CA3.8 Utilizouse a folla de cálculo como base de datos: creación de listas, filtraxe, protección e ordenación de datos.
CA3.9 Creáronse informes de táboas e gráficos dinámicas.

4.3.e) Contidos

Contidos
Estilos.
Uso de fórmulas e funcións.
Creación de táboas e gráficos dinámicos.
Uso de patróns e asistentes.
Importación e exportación de follas de cálculo.
Elaboración de documentos de distintos tipos (orzamentos, facturas, inventarios, etc.).
Deseño e creación de macros.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Utilización de bases de datos ofimáticas.	48

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Elabora documentos con bases de datos ofimáticas aplicando operacións de manipulación de datos.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Identifícaronse os elementos das bases de datos relacionais.
CA4.2 Creáronse bases de datos ofimáticas: táboas e relacións entre estas.
CA4.3 Utilizáronse as táboas da base de datos (para inserir, modificar e eliminar rexistros).
CA4.4 Utilizáronse asistentes na creación de consultas, formularios e informes.
CA4.5 Realizouse procura e filtraxe sobre a información almacenada.
CA4.6 Creáronse e utilizáronse macros.

4.4.e) Contidos

Contidos
Elementos das bases de datos relacionais.
Creación de bases de datos.
Manexo de asistentes.
Procura e filtraxe da información.
Deseño e creación de macros.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Xestión do correo e axenda electrónica.	10

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Realiza operacións de xestión do correo e a axenda electrónica, atendendo ás necesidades de uso para a súa configuración.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Descríbense os elementos que compoñen un correo electrónico.
CA5.2 Analizáronse as necesidades básicas de xestión de correo e axenda electrónica.
CA5.3 Configúranse contas de correo electrónico de diversos tipos.
CA5.4 Conectáronse e sincronizáronse axendas do equipamento informático con dispositivos móbiles.
CA5.5 Operouse co caderno de enderezos.
CA5.6 Traballouse con opcións de xestión de correo electrónico (etiquetas, filtros, cartafolios, etc.).
CA5.7 Utilizáronse opcións de axenda electrónica.

4.5.e) Contidos

Contidos
Tipos de contas de correo electrónico.
Contorno de traballo: configuración e personalización.
Patróns e sinaturas corporativas.
Foros de noticias (news): configuración, uso e sincronización de mensaxes.
Caderno de enderezos: importar, exportar, engadir contactos, crear listaxes de distribución e colocar a listaxe ao dispor doutras aplicacións ofimáticas.
Xestión de correos.
Xestión da axenda: citas, calendario, avisos, tarefas, etc.
Sincronización con dispositivos móbiles.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Presentacións Gráficas	40

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Elabora presentacións multimedia aplicando normas básicas de composición e deseño.	SI
RA4 - Ofrece apoio no uso de aplicacións e resolve as incidencias que se presenten.	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Identifícanse as opcións básicas das aplicacións de presentacións.
CA3.2 Recoñécense os tipos de vista asociados a unha presentación.
CA3.3 Aplícase e recoñécese a tipografía e as normas básicas de composición, deseño e uso da cor.
CA3.4 Créanse presentacións.
CA3.5 Deseñáronse patróns de presentacións.
CA3.6 Utilizáronse periféricos para executar presentacións.
CA4.1 Elaboráronse guías visuais cos conceptos básicos de uso dunha aplicación.
CA4.2 Identifícanse problemas relacionados co uso de aplicacións ofimáticas.
CA4.3 Utilizáronse manuais de usuario para instruír no uso de aplicacións.
CA4.4 Aplícanse técnicas de asesoramento no uso de aplicacións.
CA4.5 Realizáronse informes de incidencias.
CA4.6 Aplícanse os procedementos necesarios para salvagardar a información e a súa recuperación.
CA4.7 Utilizáronse os recursos dispoñibles para arranxar incidencias (documentación técnica, axudas en liña, soporte técnico, etc.).
CA4.8 Arranxáronse as incidencias no tempo adecuado e co nivel de calidade esperado.

4.6.e) Contidos

Contidos
Deseño e edición de diapositivas.
Formato de diapositivas, textos e obxectos.
Normas de composición: tipografía e uso da cor.
Importación e exportación de presentacións.

Contidos

Uso de patróns e asistentes: patróns de diapositivas.

Elaboración de guías e manuais de uso de aplicacións.

Formación ao usuario.

Resolución de incidencias.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Imaxes e vídeo	80

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Manipula imaxes dixitais aplicando técnicas básicas de captura e de edición.	SI
RA2 - Manipula secuencias de vídeo aplicando técnicas de captura e de edición básicas.	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Analizáronse os formatos de imaxes.
CA1.2 Recoñeceuse a necesidade dos formatos de compresión con perdas.
CA1.3 Realizáronse capturas de pantallas.
CA1.4 Realizouse a adquisición de imaxes con periféricos.
CA1.5 Traballouse con imaxes a varias resolucións, segundo a súa finalidade.
CA1.6 Analizáronse aplicacións de edición de imaxes.
CA1.7 Empregáronse ferramentas de edición de imaxe dixital.
CA1.8 Importáronse e exportáronse imaxes en diversos formatos.
CA2.1 Recoñecéronse os elementos que compoñen unha secuencia de vídeo.
CA2.2 Identificáronse os tipos de formatos e codecs máis empregados.
CA2.3 Instaláronse codecs no sistema e configuráronse para o seu uso.
CA2.4 Analizáronse as posibilidades de diversas aplicacións específicas.
CA2.5 Importáronse e exportáronse secuencias de vídeo.
CA2.6 Importáronse pistas de audio e sincronizáronse coas secuencias de vídeo.
CA2.7 Aplicáronse transicións e efectos sinxelos.
CA2.8 Realizáronse conversións de formato en secuencias de audio e vídeo.
CA2.9 Traballouse con distintos formatos e diferentes taxas de compresión, en función da finalidade especificada.
CA2.10 Realizáronse capturas de secuencias da pantalla utilizando aplicacións específicas.
CA2.11 Capturáronse secuencias de vídeo cos recursos axeitados.

Criterios de avaliación

CA2.12 Elaboráronse vídeos titoriais.

4.7.e) Contidos

Contidos

Formatos de imaxes.

Parámetros das imaxes: resolución, número de cores e compresión.

Aplicacións de retoque fotográfico.

Axustes de imaxe e de cor.

Uso de máscaras e capas.

Aplicación de filtros e efectos.

Importación e exportación de imaxes.

Uso de aplicacións de captura de pantalla.

Uso de dispositivos de captura de imaxes.

Formatos de vídeo. Contedores. Codecs.

Aplicacións de edición de vídeo.

Aplicación de transicións e de efectos.

Sincronización do audio.

Creación de títulos e menús.

Edición na liña de tempo.

Captura de secuencias de pantalla.

Importación e exportación de vídeos.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación son todos os que figuran nos apartados d.) de cada unha das unidades didácticas.

Criterios de avaliación:

O alumno terá que superar unha proba individual para valorar a adquisición de coñecementos ao rematar cada unidade didáctica, que puntuará entre 0 e 10 puntos. Esta proba será superada cando se obteña unha nota igual ou superior a 5 puntos. Dita proba pode consistir na realización de exames teóricos e/ou prácticos en papel, así como a realización de probas prácticas diante do ordenador. O alumno deberá de superar todas as probas propostas para superar a unidade didáctica.

O peso de cada unha das partes pode ser diferente (30% teórico + 70% práctico), con esto obtense a parte da nota correspondente á valoración do exame, que constituirá o 70% da nota da avaliación, o restante 30% virá determinado polo traballo realizado na clase e a entrega de exercicios teórico/prácticos solicitados.

A nota da avaliación virá determinada en función dos criterios de avaliación que interveñan en cada unha das unidades que compoñen dita avaliación. Para calcular a mesma aplicarase a ponderación que ten asignada cada un deles. O resultado de dita ponderación cuantificará a capacitación do alumno neste módulo profesional segundo o seguinte baremo:

0,1,2 Escaso ou ningún interese pola materia.

3,4 Mostra interese por aprender pero atópase escaso de coñecementos.

5 Interese e coñecementos mínimos exigibles segundo os obxectivos.

6 Certo desenvolvemento coa materia.

7,8 Alumno traballador e constante ó que falta soltura ó aplicarlos seus coñecementos.

9,10 Destaca no grupo polo seu traballo, asimilación e posta en práctica dos seus coñecementos.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Cada unha das unidades nas que se estrutura o módulo, correspóndese cun resultado de aprendizaxe (RA) polo que será preciso acadar o 50% dos criterios de avaliación mínimos para cada unha das unidades para superar o módulo.

ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN PARA ALUMNOS DE PRIMEIRO

Ao longo das avaliacións e o remate do curso faranse probas de recuperación das distintas unidades didácticas.

Ao final de cada unhas das avaliacións, farase una recuperación individual de cada unha das unidades traballadas nese trimestre.

Ao final do curso, dentro do periodo ordinario, os alumnos que non perderon o dereito a avaliación continua, poderán recuperar aquelas unidades nas que non houberan acadado o 50% dos criterios de cualificación durante o curso.

Con antelación ás datas nas que se produzan estas probas de recuperación, faranse repasos para todo o alumnado co obxectivo de afianzar ós seus coñecementos e preparar as recuperación para os alumnos que teñan a unidade pendente.

ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN PARA ALUMNOS DE PRIMEIRO ENTRE A 3ª AVALIACIÓN E A FINAL

Durante o periodo comprendido entre a terceira avaliación e a avaliación final, faranse actividades de repaso, mediante actividades na aula e resolvendo aquelas dúbidas que presenten os alumnos. Para a proba extraordinaria gardarase a nota daquelas unidades nas que o alumno acadou o 50% dos criterios de cualificación mínimos durante o curso; para as unidades restantes deberá acadar a nota mínima de 5 en cada unha

delas.

Obterase a cualificación final do módulo realizando unha media ponderada tendo en conta o peso para cada unha das unidades:

ACTIVIDADES RECUPERACIÓN PARA PENDENTES DE SEGUNDO

Ós alumnos de segundo curso, que promocionaron co módulo pendente, entregaráselle as actividades propostas no informe individualizado e poderán recuperar o módulo na proba de pendentes, previa a segunda avaliación de segundo curso. Esta proba estará formada por un exercicio de cada un dos 7 bloques, tendo que obter a cualificación mínima de 5 en cada un deles, o estar directamente asociado a un resultado de aprendizaxe.

Obterase a cualificación final do módulo realizando unha media ponderada tendo en conta o peso para cada unha das unidades:

Para facilitarlle ó alumno acadar os contidos e compatibilizalo cos módulos de segundo curso, ofreceráselle fraccionar estas probas durante a primeira e a segunda avaliación, podendo ser superadas algunhas mediante traballos prácticos. Unha vez acadados o 50% dos criterios de avaliación mínimos para cada unha partes, o cálculo da cualificación do módulo farase tendo en conta o porcentaxe anterior.

Instalación de aplicacións: Proba test sobre os contidos teórico prácticos.

Procesadores de texto: Proba práctica no ordenador.

Follas de cálculo: Proba práctica no ordenador.

Bases de datos: Proba práctica no ordenador.

Correo, news, rss: Traballos prácticos.

Presentacións: Traballos prácticos e defensa.

Imaxe e vídeo: Traballos prácticos e defensa.

Correo,news,rss: Traballos prácticos e defensa.

ACTIVIDADES RECUPERACIÓN PARA PENDENTES DE SEGUNDO NA FASE DA FCT

Durante o periodo de FCT, ós alumnos pendentes de segundo curso, proporáselle actividades facendo especial fincapé naqueles contidos detallados como non superados no seu informe individualizado.

Para aprobar o módulo deberanse ter superados o 50% dos criterios de avaliación mínimos en cada unha das unidades.

En cada unha das unidades valoraranse, actividades a entregar 10% e o examen (que poderá ser con traballos ou proba según a unidade como se indica no seguinte punto) cun peso do 90% da nota total da unidade.

Instalación de aplicacións: Proba test sobre os contidos teórico prácticos.

Procesadores de texto: Proba práctica no ordenador.

Follas de cálculo: Proba práctica no ordenador.

Bases de datos: Proba práctica no ordenador.

Correo, news, rss: Traballos prácticos.

Presentación: Traballos prácticos e presentación na aula.

Imaxe e vídeo: Traballos prácticos e presentación na aula.

Obterase a cualificación final do módulo realizando unha media ponderada tendo en conta o peso para cada unha das unidades:

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

A os alumnos que superen 10% de faltas non xustificadas, comunicaráselle a Xefatura de Estudos a perda do dereito a Avaliación Continua (no momento en que ocorra esta). O alumno poderá asistir a clase, pero non será avaliado por trimestres. Estes alumnos poderán realizar a proba final extraordinaria para demostrar a capacitación.

Cada unha das unidades nas que se estrutura o módulo, correspóndese cun resultado de aprendizaxe (RA) polo que será preciso acadar o 50% dos criterios de avaliación mínimos para cada unha das unidades para superar o módulo.

A proba estará composta por varios supostos, onde se poderán valorar todos os resultados de aprendizaxe debendo acadar o 50% dos criterios de avaliación mínimos para cada un deles, os cales están asociados con cada un dos bloques anteriores.

Obterase a cualificación final do módulo realizando unha media ponderada tendo en conta o peso para cada unha das unidades.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Na avaliación da propia práctica docente terase en conta o seguimento da programación, indicando o grao de cumprimento da mesma e, en caso de desviacións, facer unha xustificación razoada dos motivos.

1. Durante as reunións semanais de departamento irase dando conta das incidencias que poidan xurdir no desenvolvemento do establecido na programación.
2. Ao final de cada trimestre na reunión de departamento establecerase un punto na orde do día para facer un seguimento específico das distintas programacións ao longo dese trimestre, tomando nota das incidencias detectadas así como das decisións que se adoptan ao respecto.
3. Ao final de cada trimestre a Comisión de Coordinación Pedagóxica valorará igualmente o desenvolvemento das programacións dos distintos departamentos.
4. Ao final do curso o departamento fará unha valoración global do grao de cumprimento da programación e establecerá un plan de mellora para o vindeiro curso.
5. Ao final de cada trimestre o delegado a través dunha reunión co profesor detallaralle os aspectos que o grupo clase considera máis destacados.
6. Durante todo o curso irase anotando no caderno do profesor aquelas cuestións que se consideren relevantes no desenvolvemento da programación.

INSTRUMENTOS:

Actas e Reunións do Departamento

Reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Enquisas realizadas ao alumnado

Reunión co Delegado/a

Caderno do profesor

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A sesión de avaliación inicial realizarase ao remate do primeiro mes co propósito de servir de diagnóstico de partida para o profesor que impartirá o módulo e permitirá adoptar medidas de reforzo educativo ou de flexibilización modular se procedese.

O tratarse dun módulo que se imparte no primeiro curso o profesor tentará recadar información sobre o desenvolvemento do alumnado dos campos mais relacionados coas capacidades necesarias para un mellor aproveitamento do módulo e capacidade de aprendizaxe mediante a observación particular de cada alumno durante o primeiro mes do curso e/ou propoñer algunha proba se o considera necesario, que en ningún caso se terá en conta na avaliación continua do módulo.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Partindo do resultado da avaliación inicial ou ben como resposta a evolución particular do alumnado, estableceranse as medidas de reforzo educativo que se estimen adecuadas, dentro das posibilidades materiais e de profesorado para tentar que se acaden os obxectivos programados.

Entre estas podemos citar:

- Alteracións na secuenciación dos contidos.
- Priorización de uns contidos fronte a outros, atendendo a criterios de funcionalidade.
- Modificación dos procedementos didácticos e actividades previstas.
- Repetición ou planteamento de actividades alternativas e/ou complementarias.
- Modificación do nivel de abstracción e/ou complexidade das actividades.
- Adaptación das técnicas e instrumentos de avaliación.

En ningún caso permitiranse adaptacións curriculares significativas.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Faranse respectar as normas de convivencia na aula e nos recreos e insistirase na importancia do seu cumprimento por todos os membros da comunidade educativa. Educarase nos seguintes valores:

Tolerancia e respecto á dignidade e igualdade de todas as persoas, independentemente da súa condición, sexo, relixión, cultura, etnia, nacionalidade, ideoloxía, lingua... e rexeitamento de calquera tipo de discriminación.

Respecto e cumprimento das normas de convivencia do Centro e coidado no uso das dependencias e materiais.

Solidariedade entre todos os membros da comunidade educativa.

Colaboración.
Responsabilidade.
Non violencia.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Non se teñen planificadas actividades extraescolares ou complementarias propias deste módulo.

10. Outros apartados

10.1) COVID-19

Debido á pandemia COVID-19, pódese dar o caso de que as clases presenciais teñan que ser suspendidas, e substituídas por actividades telemáticas. Toda a parte teórica así como as actividades a levar a cabo, están accesibles na aula virtual do módulo.

A aula virtual, proporciona ao alumnado canles de comunicación co profesor e entre eles, para a formulación de calquera suxerencia, dúbida, etc. Dispónse de mensaxería en foros para cada un dos temas e a nivel xeral. De ser necesario algunha outra canle, como por exemplo videoconferencia, activaríase no momento preciso.